

MAG/avr

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN
LOCAL, TRANSFRONTEIRIZA E DE COORDINACIÓN DAS EMERXENCIAS
PROVINCIAIS DO DÍA 24/07/2026

ASISTENTES

PRESIDENTA: D.^a María Pilar Ramallo Vázquez
VOGAIS: D. Roberto José Álvarez Carrero
D.^a Belén Cachafeiro Anta, en substitución de D.^a Luisa María
Sánchez Méndez
D. Rafael Domínguez Artime
D. Jorge Cubela Lopez
D. Jesús Vázquez Almuíña
D. Ricardo Martínez Chantada
D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
D. Juan Pablo Castillo Amigo
D.^a Nuria Rodríguez Rodríguez
D. Gorka Gómez Díaz
D.^a Digna Rosa Rivas Gómez
D. Paco Ferreira González
D. Gregorio Luis Agís Gómez
D. Javier Iglesias Mougán
D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo
D.^a Beatriz Lomba Rodríguez

Sendo as doce horas e cinco minutos do día vinte e catro de xullo do ano dous mil vinte e seis, reúnen no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D.^a María Ramallo Vázquez. Actúa como secretario o xefe do Servizo de Cooperación, D. Marcos Areán González.

Aberta a sesión pola presidenta, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:

1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expte. 2026048697)



Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: Q1W50T3JS4Q3XWT9), correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezanove de xuño do ano dous mil vinte e seis por unanimidade.

2. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico modificado da actuación “Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e xardíns” presentado polo Concello de Cambados ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra (Expte. 2024076252)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “PROXECTO DE REFORMA E POSTA EN VALOR DE PAZO TORRADO E XARDÍNS” PRESENTADO POLO CONCELLO DE CAMBADOS AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA (Expte. 2024076252)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 07 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “*O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga*”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “*(...)Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente*”.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Cambados con destino á execución da actuación denominada “*Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e Xardíns*”, ao abeiro do Plan Provincia



Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 791.976,61€ e a subvención concedida a 593.982,46€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 197.994,15€.

- Mediante o acordo núm. 5.35020 de 04/04/2025, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1- Investimentos, aprobou a concesión dunha subvención por importe de 197.994,15 € ao Concello, con obxecto do financiamento da achega municipal ao investimento “Proxecto de reforma e posta en valor do pazo Torrado e Xardíns” (expediente: 2025016997), polo que a Deputación financia a totalidade do investimento.
- Mediante a resolución presidencial núm. RP2025003582 de 06/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cambados, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 17/06/2025.
- Mediante o acordo núm. 7.8476 o Pleno da Corporación Provincial de data 12/09/2025 aprobou o proxecto técnico reformulado da actuación “*Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e Xardíns*”, presentado polo Concello. Os cambios introducidos no proxecto non modifican o importe total do orzamento da actuación, manténdose invariable a contía da subvención concedida.
- Na data 29/12/2025 o Concello adxudica o contrato da obra por un importe de 699.353,10 €, resultando unha baixa de adxudicación de 92.623,51 € (11,70 %).
- Nas datas 04/06/2026 e 05/06/2026, o Concello de Cambados presenta no Rexistro da Deputación (núms. Rexistro WEB2026048358 e WEB2026048532) un proxecto modificado, o Decreto da alcaldía de aprobación do mencionado proxecto, e demais documentación preceptiva.

As variacións entre ambos proxectos débense a axustes derivados de circunstancias coñecidas durante os traballos. Os cambios son os seguintes: Desmontaxe de placas de fibrocemento con amianto, substitución de portas afectadas por patoloxías, recrecido de pavimentos para base homoxénea, conservación de pavimentos de valor estético/artístico, renovación da instalación eléctrica danada, substitución das tubaxes de calefacción danadas para evitar fugas, reparación do anexo no xardín, reposición de danos e elementos vandalizados no xardín, e, reposición de tubaxe danada e peches de parcela.

O novo orzamento de adxudicación (aplicando a porcentaxe de baixa) ascende a 791.975,43 €, resultando un incremento de 92.622,33 € (13,24%), que pode financiarse integramente contra a baixa de adxudicación (92.623,51 €).

- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 16/06/2026 (CSV: oJD8N82K38F95K9T).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 18/06/2026, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da



puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

- O día 18/06/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 8QoFXDSNE4CSR6G8).
- Na data 10/07/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrencia competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir. (CSV: TVOT3XHJDHR48WBM).
- O día 13/07/2026 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto modificado (CSV: XNW4WPCLXOJ6IYAU).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 25 de outubro de 2024 e publicada no BOPPO do 27/12/2024 (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio



- Bases reguladoras e convocatoria do Plan provincia extraordinaria – Plan Extra
- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Cambados para a execución da actuación denominada “Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e Xardins” ao abeiro do Plan Provincia extraordinaria – Plan Extra

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por



aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, en concordancia coa cláusula 6ª do Convenio, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIONES

O proxecto modificado presentado polo Concello de Cambados para a execución da actuación denominada “Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e Xardíns”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O proxecto modificado incrementa o orzamento de adxudicación en 92.622,33 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 92.623,51 €, o incremento pode financiarse coa dita baixa.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.



Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico modificado da actuación “Proxecto de reforma e posta en valor de Pazo Torrado e Xardíns” presentado polo Concello de Cambados ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Cambados, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.”

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

3. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico modificado da actuación “Recuperación de entornos tradicionais e mellora da mobilidade peonil entre Casalvito e O Padrón” presentado polo Concello de Poio ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra (Expte. 2024076616)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “RECUPERACIÓN DE ENTORNOS TRADICIONAIS E MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL ENTRE CASALVITO E O PADRÓN” PRESENTADO POLO CONCELLO DE POIO AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA (Expte. 2024076616)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario



extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 07 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: *"O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga"*. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: *"(...)Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente"*.

- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Poio con destino á execución da actuación denominada *"Recuperación de entornos tradicionais e mellora da mobilidade peonil entre Casalvito e O Padrón"*, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 726.763,51 € e a subvención concedida a 545.072,63 €, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 181.690,88 €.

- Mediante o acordo núm. 14.34977 de data 28/03/2025, a Xunta de Goberno da Corporación Provincial, no marco do Plan + Provincia 2025 Liña 1- Investimentos, acordou a concesión dunha subvención por importe de 181.690,88€ ao Concello, co obxecto do financiamento da achega municipal ao Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, do investimento *"Recuperación de entornos tradicionais e mellora da mobilidade peonil entre O Casalvito e O Padrón"* (expediente: 2025013702), polo que a Deputación financia a totalidade do investimento.
 - Mediante a Resolución Presidencial núm. RP2025003393 de 30/04/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración, no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 06/05/2025.
 - En data 01/07/2025 o Concello adxudica o contrato das obras para realizar o investimento por un importe de 667.822,99 €, e do que resulta unha baixa de adxudicación de 58.940,52 €, (8,11%). En data 02/07/2025 formalízase o correspondente contrato administrativo.
 - Nas datas 08/06/2026 e 18/06/2026, o Concello de Poio presenta no Rexistro da Deputación (núms. Rexistro WEB2026049030, WEB2026049031, WEB2026049032, WEB2026049033, WEB2026049035 e WEB2026051325) un proxecto modificado, e demais documentación preceptiva.
- Segundo os técnicos, a documentación do proxecto modificado presentado considérase correcta desde o punto de vista técnico, con axustes en unidades de obra e incorporación de novas unidades, que non supoñen unha variación substancial do proxecto orixinal nin das calidades de obra proxectadas.
- O novo orzamento de adxudicación (aplicando a porcentaxe de baixa) ascende a 725.921,23 €, resultando un incremento de 58.098,24 € (8,70%), que pode financiarse integramente contra a baixa de adxudicación (58.940,52 €).
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 18/06/2026 (CSV: OUPDEZ0ZC1OSZOAN).
 - Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan



Extra na data 18/06/2026, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

- O día 22/06/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: SG4F1VUKAC6CCG48).
- Na data 10/07/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir. (CSV: oY57IEOG7VZSZMoZ).
- O día 13/07/2026 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto modificado (CSV: HUQ1JO2Z4TGQA5Y3).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 25 de outubro de 2024 e publicada no BOPPO do 27/12/2024 (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan provincia extraordinaria – Plan Extra



- Convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Poio para a execución da actuación denominada “*Recuperación de entornos tradicionais e mellora da mobilidade peonil entre Casalvito e O Padrón*” ao abeiro do Plan Provincia extraordinaria – Plan Extra

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ó xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.



- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, en concordancia coa cláusula 6ª do Convenio, segundo a cal, se xurdisse a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

O proxecto modificado presentado polo Concello de Poio para a execución da actuación denominada “Recuperación de entornos tradicionais e mellora da mobilidade peonil entre Casalvito e O Padrón”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O proxecto modificado incrementa o orzamento de adxudicación en 58.098,24 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 58.940,52 €, o incremento pode financiarse coa dita baixa.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico modificado da actuación “*Recuperación de entornos tradicionais e mellora da mobilidade peonil entre Casalvito e O Padrón*”, presentado polo Concello de Poio ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Poio, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.”



Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

4. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico reformulado da actuación “Humanización-Reforma Rúa Coruña, Tui” presentado polo Concello de Tui ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra (Expte. 2024077413)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “HUMANIZACIÓN-REFORMA RÚA CORUÑA, TUI” PRESENTADO POLO CONCELLO DE TUI AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA – PLAN EXTRA (Expte. 2024077413)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 18/10/2024, mediante o acordo núm. 2.8272, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, de 22/10/2024. Así mesmo, advertido un erro de feito no apartado 6.2.1.d) das bases reguladoras, procedeuse á súa corrección no acordo plenario núm. 16.8311, adoptado na sesión ordinaria de 29 de novembro de 2024, publicado no BOPPO núm. 240, do 11 de decembro de 2024. Do mesmo xeito, o apartado quinto das bases reguladoras foron obxecto de modificación no acordo plenario extraordinario núm. 2.8369, adoptado na sesión extraordinaria de 07 de marzo de 2025, publicado no BOPPO núm. 51, polo que se acorda incrementar o crédito inicial en 2.799.316,56 € con cargo á aplicación orzamentaria 2025/942.9420.762.84, así como suprimir o segundo apartado da mencionada base quinta que di: “*O Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra non poderá ser obxecto de prórroga*”. Posteriormente, na sesión ordinaria do día 25/04/2025, mediante o acordo 5.8396, modificouse a base Quinta, quedando redactada co seguinte teor literal: “*(...)Os concellos, en atención a súa capacidade financeira, poderán financiar a súa parte nas anualidades 2025-2026 con cargo ao Plan +Provincia da anualidade correspondente*”.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión extraordinaria de 07/03/2025, mediante o acordo núm. 3.8370, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrência competitiva ao Concello de Tui con destino á execución da actuación denominada “*Humanización-reforma Rúa Coruña, Tui*”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

O custo total da actuación ascendía a 949.869,06 €, dos cales 921.797,06 € corresponden á



execución da obra e 28.072,00 € aos honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde. A subvención concedida foi de 712.401,79 €, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 237.467,27 €.

- Mediante a resolución presidencial núm. 2025004030 de 16/05/2025 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 09/07/2025.
- O día 13/06/2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra concedeulle ao Concello unha subvención por importe de 237.467,27 €, co obxecto de financiar a achega municipal do investimento "*Humanización-reforma Rúa Coruña, Tui*", con cargo ao Plan +Provincia 2025 liña 1, polo que a Deputación financia a totalidade da actuación.
- Nas datas 20/05/2026 e 01/06/2026 o Concello de Tui presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2026043919 e WEB2026046958), un proxecto reformulado do inicial, a aprobación do proxecto reformulado, e demais documentación preceptiva. Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e as variacións entre ambos proxectos débense as seguintes actuacións: Medidas de conservación orixinadas da normativa do PEPCHA: novos remates en elementos patrimoniais (cruceiro e peto de almas) e reposición de escalóns existentes en vez de usar material novo; medidas de renovación das redes de saneamento e abastecemento por parte do Consorcio de Augas do Louro; esixencias técnicas da Sociedade Electricista de Tui, e axustes dos prezos do proxecto.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto na data 16/06/2026 (CSV: 9TWO8F36M507KZTC).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria-Plan Extra na data 18/06/2026, conclúese que pódese continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O día 18/06/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: 77HoY43FU63F8VN7).
- Na data 10/07/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir. (CSV: 483ZEKYDLNIP2FM6).
- O día 13/07/2026 a Intervención provincial informa favorablemente a proposta de aprobación do proxecto reformulado (CSV: Q4ZESZBJKLUPU12).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra
- Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui para a execución da actuación denominada “Humanización-reforma Rúa Coruña, Tui” ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente



- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base 17ª das reguladoras do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, en concordancia coa cláusula 6ª do Convenio, segundo a cal, se xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o Concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do Concello. Esta modificación non poderá supoñer unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado. Tras a aprobación polo Concello, a Deputación supervisará a modificación e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓN

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Tui para a execución da actuación denominada “Humanización-reforma Rúa Coruña, Tui”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.



A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra pon de manifesto que os cambios introducidos non afectan á puntuación obtida no proceso de baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico reformulado da actuación “Humanización-reforma Rúa Coruña, Tui” presentado polo Concello de Tui ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria – Plan Extra.

A aprobación do devandito proxecto técnico reformulado queda condicionada á resolución definitiva de autorización de execución da actividade arqueolóxica por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Tui, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

5. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico reformulado da actuación “Área recreativa da Chan” presentado polo Concello de Cerdedo Cotobade ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) (Expte. 2025067646)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “ÁREA RECREATIVA DA CHAN” PRESENTADO POLO CONCELLO DE CERDEDO COTOBADA AO



ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025) (Expte. 2025067646)**ANTECEDENTES**

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 30/09/2025, mediante o acordo núm. 4.8493, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 189, de 03/10/2025. Así mesmo, para axustar a base quinta ao novo financiamento do Plan, procedeuse a modificar as bases reguladoras mediante o acordo plenario núm. 4.8615, adoptado na sesión ordinaria de 27 de marzo de 2026, publicado no BOPPO núm. 60, do 30 de marzo de 2026.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria de 27/03/2026, mediante o acordo núm. 5.8616, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello de Cerdedo Cotobade, con destino á execución da actuación denominada “Área recreativa da Chan”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).
O custo total da actuación ascendía a 836.424,50 €, dos cales 813.555,50 € corresponden á execución da obra e 22.869,00 € aos honorarios de dirección de obra, coordinación de seguridade e saúde e control de calidade. A subvención concedida foi de 669.139,60€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 167.284,90€.
- Mediante a resolución presidencial núm. 2026004984 de 15/06/2026 aprobouse o correspondente convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cerdedo Cotobade, co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes.
- Nas datas 27/05/2026 e 04/06/2026 o Concello de Cerdedo Cotobade presenta no rexistro da Deputación (núms. Rexistro WEB2026045565 e WEB2026048235) un proxecto reformulado do proxecto inicial, o certificado da resolución da alcaldía de aprobación do mencionado proxecto, así como o resto da documentación preceptiva. Os cambios introducidos no proxecto non supoñen modificación do importe total do orzamento de licitación e as variacións entre ambos proxectos débense á corrección da clasificación do contratista.
- O enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 16/06/2026 (CSV: 8ZKU9Z4TDGVEQ527).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) na data 18/06/2026 conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O 18/06/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: Y7GPLZL9BA8TBG62).
- Na data 10/07/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados que cumprían as esixencias das bases reguladoras, polo que calquera eventual



reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir. (CSV: N6FYJM6MDLWL5CFD).

- Na data 13/07/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: WWYUCBE5UoIR4B3F).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 18ª da convocatoria, segundo a cal, se tras a concesión da subvención e antes da licitación do investimento xurdise a necesidade de reformular o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a reformulación, que deberá ser aprobada polo órgano competente da entidade municipal. A reformulación do proxecto técnico non poderá variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin supoñer unha minoración da puntuación acadada polo proxecto inicial. Despois da aprobación polo concello, a Deputación supervisará o proxecto reformulado e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. En todo caso, o concello deberá xustificar as causas que motivan a reformulación do proxecto (cumprimento de condicionamentos impostos polas autorización sectoriais, necesidade de adaptar, redefinir algún concepto... etc). A reformulación do proxecto técnico non dará lugar a un incremento da contía subvencionada. No suposto de que a reformulación supoña un incremento do custe do investimento, o concello poderá financiar este incremento con: fondos



proprios do Concello; achegas concedidas pola Deputación con cargo a outros plans ou programas de subvencións, sempre que os prazos de execución se axusten aos recollidos nas presentes bases, e achegas outorgadas por outras Administracións Públicas con cargo a convenios ou a plans ou programas de axudas, sempre que os prazos de execución se axusten aos recollidos nas presentes bases. Se a reformulación do proxecto técnico supón unha minoración do custe do investimento, a minoración reverterá na achega municipal sen variar a subvención concedida pola Deputación, sempre que se manteña a porcentaxe de financiamento mínimo por parte do concello establecida na base quinta destas bases. O custe da redacción do proxecto reformulado correrá a cargo do Concello.

Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIONES

O proxecto reformulado presentado polo Concello de Cerdedo Cotobade para a execución da actuación denominada “Área recreativa da Chan”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

O importe total do orzamento do proxecto reformulado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) informa favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e a puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico reformulado da actuación denominada “Área recreativa da Chan”, presentado polo Concello de Cerdedo Cotobade, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Cerdedo Cotobade, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

6. Ditaminar a aprobación do proxecto técnico reformulado da actuación “Recuperación da área recreativa da praia fluvial do Río Liñares e reforma de edificación existente con destino a uso público” presentado polo Concello da Estrada ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) e a modificación do acordo do pleno núm. 5.8616, de 27/03/2026, de concesión de subvención (expte. 2025072591)

Sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte proposta de acordo, de conformidade co establecido nos artigos 123 a 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con carácter previo á súa elevación ante o Pleno para a súa aprobación:

“ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO REFORMULADO DA ACTUACIÓN “RECUPERACIÓN DA ÁREA RECREATIVA DA PRAIA FLUVIAL DO RÍO LIÑARES E REFORMA DE EDIFICACIÓN EXISTENTE CON DESTINO A USO PÚBLICO” PRESENTADO POLO CONCELLO DA ESTRADA AO ABEIRO DO PLAN PROVINCIA EXTRAORDINARIA 2025 (PLAN EXTRA 2025) E A MODIFICACIÓN DO ACORDO DO PLENO NÚM. 5.8616, DE 27/03/2026, DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN (Expte. 2025072591)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de 30/09/2025, mediante o acordo núm. 4.8493, aprobou as Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 189, de 03/10/2025. Así mesmo, para axustar a base quinta ao novo financiamento do Plan, procedeuse a modificar as bases reguladoras mediante o acordo plenario núm. 4.8615, adoptado na sesión ordinaria de 27 de marzo de 2026, publicado no BOPPO núm. 60, do 30 de marzo de 2026.
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria de 27/03/2026, mediante o acordo núm. 5.8616, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrència competitiva ao Concello da Estrada, con destino á execución da actuación denominada “Recuperación da área recreativa da praia fluvial do Río Liñares e reforma de edificación existente con destino a uso público”, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).



O custo total da actuación ascendía a 1.585.996,84 €, e a subvención concedida foi de 1.100.000,00 €, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 485.996,84 €.

- Nas datas 11/05/2026, 12/06/2026 e 18/06/2026 o Concello da Estrada presenta no rexistro da Deputación (núms. Rexistro WEB2026040907, WEB2026040910, WEB2026040913, WEB2026040915, WEB2026050074, WEB2026050076, WEB2026050077 e WEB2026051296) un proxecto reformulado do proxecto inicial, o certificado do decreto da alcaldía de aprobación do mencionado proxecto, así como o resto da documentación preceptiva.

As variacións entre ambos proxectos débense a condicionantes de Augas de Galicia pola afección á zona de policía do Río Liñares e pola clasificación do solo como rústico de Protección de Augas. Debido ás novas necesidades a satisfacer introdúcense os seguintes cambios: Afastamento do solarium das zonas inundables, cambiando a cimentación en zapata por unha pendente en escollera; reformulo das edificacións plantexadas (caseta de aseos, caseta de asistencia, edificación existente e kiosko); mellora das cimentacións (pilotes e formigón encepado) nas edificacións; modificación das redes e instalacións que dan servizo ás edificacións; elimina as instalacións de telecomunicacións; modificación das bancadas do graderío e axuste xeral dos prezos de proxecto.

Os cambios introducidos comportan unha redución do orzamento de licitación por importe de 14.718,55 €, quedando este establecido en 1.571.278,29 €. En consecuencia, minorase o importe da subvención concedida ata os 1.099.894,80 € e a achega municipal ata os 471.383,49 €, co fin de manter as porcentaxes mínimas de financiamento previstas na base quinta das reguladoras do procedemento.

- O enxeñeiro do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión do proxecto o 16/06/2026 (CSV: H5HBG6PY2S3A9Q5A).
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) na data 18/06/2026 conclúese que se pode continuar coa tramitación do expediente, tendo en conta que os cambios introducidos non supoñen unha minoración da puntuación acadada no proxecto inicialmente presentado, e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- O 18/06/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente o expediente (CSV: YUR13ZRLEVXKNPDW).
- Na data 10/07/2026 o enxeñeiro de camiños, canais e portos adscrito a Intervención emite informe no que fai constar que este plan recibiu financiación para todos os proxectos presentados que cumprían as esixencias das bases reguladoras, polo que calquera eventual reformulación ou modificación non ten influencia nin supón prexuízos a terceiros no que respecta ás puntuacións técnicas que rexeron a concorrência competitiva, posto que incluso unha redución das mesmas tería nula afección na concesión da financiación, sen prexuízo doutras implicacións administrativas que os cambios puidesen producir. (CSV: 18TKO8CV68ECUFRR).
- Na data 13/07/2026 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de modificación do acordo de concesión por cambio de proxecto do investimento obxecto de subvención (CSV: UVS5D2GNBE1SHAJZ).
- Sométese, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local,



Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do orzamento da Deputación
- Bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle ao xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a



disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.

- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Base reguladora 18ª da convocatoria, segundo a cal, se tras a concesión da subvención e antes da licitación do investimento xurdise a necesidade de reformular o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a reformulación, que deberá ser aprobada polo órgano competente da entidade municipal. A reformulación do proxecto técnico non poderá variar a tipoloxía inicialmente aprobada nin supoñer unha minoración da puntuación acadada polo proxecto inicial. Despois da aprobación polo concello, a Deputación supervisará o proxecto reformulado e dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. En todo caso, o concello deberá xustificar as causas que motivan a reformulación do proxecto (cumprimento de condicionamentos impostos polas autorización sectoriais, necesidade de adaptar, redefinir algún concepto... etc). A reformulación do proxecto técnico non dará lugar a un incremento da contía subvencionada. No suposto de que a reformulación supoña un incremento do custe do investimento, o concello poderá financiar este incremento con: fondos propios do Concello; achegas concedidas pola Deputación con cargo a outros plans ou programas de subvencións, sempre que os prazos de execución se axusten aos recollidos nas presentes bases, e achegas outorgadas por outras Administracións Públicas con cargo a convenios ou a plans ou programas de axudas, sempre que os prazos de execución se axusten aos recollidos nas presentes bases. Se a reformulación do proxecto técnico supón unha minoración do custe do investimento, a minoración reverterá na achega municipal sen variar a subvención concedida pola Deputación, sempre que se manteña a porcentaxe de financiamento mínimo por parte do concello establecida na base quinta destas bases. O custe da redacción do proxecto reformulado correrá a cargo do Concello.



Competencia para resolver

- Correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, e en virtude dos artigos 33 da LRBRL e 185 do TRLRFL.

CONCLUSIONES

O proxecto reformulado presentado polo Concello da Estrada para a execución da actuación denominada “Recuperación da área recreativa da praia fluvial do Río Liñares e reforma de edificación existente con destino a uso público”, no marco do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025), non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Os cambios introducidos no proxecto comportan unha redución do orzamento de licitación por importe de 14.718,55 €, quedando este establecido en 1.571.278,29 €. En consecuencia, minorase o importe da subvención concedida ata os 1.099.894,80 € e a achega municipal ata os 471.383,49 €, co fin de manter as porcentaxes mínimas de financiamento previstas na base quinta das reguladoras do procedemento.

A Comisión de Persoas Expertas do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) informa favorablemente a supervisión do proxecto reformulado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos non afectan aos criterios de valoración e a puntuación en base aos que se concedeu a axuda.

O proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025) e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións sinaladas, sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

- APROBAR o proxecto técnico reformulado da actuación denominada “Recuperación da área recreativa da praia fluvial do Río Liñares e reforma de edificación existente con destino a uso público”, presentado polo Concello da Estrada, ao abeiro do Plan Provincia Extraordinaria 2025 (Plan Extra 2025).
- MODIFICAR o acordo plenario núm. 5.8616, do 27/03/2026, de concesión de subvención ao Concello da Estrada para reaxustar o financiamento de conformidade coa seguinte táboa:

ORZAMENTO	SUBVENCIÓN PLAN EXTRA 25	ACHEGA CONCELLO
1.571.278,29 €	1.099.894,80 €	471.383,49 €



- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello da Estrada, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Sometido a votación este asunto, a Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, ditamina favorablemente por unanimidade, cos votos a favor dos/as deputados/as do Grupo Provincial do PP (9), do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE (6) e do Grupo Provincial do BNG (2).

7. Rogos e preguntas

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e dez minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

Marcos Areán González

